

UNIDADE

2

As orixes de Roma: lenda ou realidade?

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. AS ORIXES DE ROMA. A MONARQUÍA

1.1. As orixes de Roma

1.2. A Monarquía

2. A FLEXIÓN NOMINAL: PRIMEIRA DECLINACIÓN

3. A FLEXIÓN VERBAL

3.1. Características xerais

3.2. Elementos dunha forma verbal

3.3. O sistema de presente dos verbos regulares en modo indicativo. Voz activa

4. AS ORACIÓNS SIMPLES

4.1. As oracións transitivas

4.2. As oracións intransitivas

4.3. Indicacións para traducir as oracións simples

4.4. A concordancia

LÉXICO

Evolución fonética: vogais e ditongos

Expresións latinas

Os primeiros tempos da historia de Roma están envoltos en lendas que tratan de explicar os feitos históricos. Nesta unidade poderás coñecelas e comprender os acontecementos que as motivaron.

En canto á lingua, iniciaremos o estudo sistemático das declinacións e da conxugación regular latina. Deste modo empezaremos o exercicio da tradución, partindo das oracións simples.

Ademais, coñecer os cambios fonéticos máis xeneralizados nas palabras de orixe latina brindaranos a posibilidade de afondar no coñecemento da nosa lingua.

Legado	Lingua	Léxico	Textos
A Monarquía	Primeira declinación O sistema de presente en voz activa da conxugación regular As oracións simples A concordancia Indicacións para traducir este tipo de oracións	Cambios fonéticos das vogais e dos ditongos	Relacionados cos contidos de lingua da Unidade

1. As orixes de Roma. A Monarquía

1.1. As orixes de Roma

No ano 753 a.C. naceu unha nova cidade. O tempo encargouse de demostrar que este acontecemento resultou decisivo para a civilización occidental. Non obstante, a lenda envolve todo o referente ao nacemento de Roma, no que, dun ou outro modo, se ven involucradas algunhas divindades, sen dúbida nun intento de atribuír unha orixe divina á cidade dos sete outeiros. Nas seguintes páxinas, explicaremos como e onde se fundou Roma, e qué feitos se produciron durante os primeiros séculos da súa existencia.

Segundo nos conta o historiador Plutarco, que cita fontes gregas, os xemelgos, Rómulo e Remo, participaron na súa fundación. Para obter máis datos sobre ambos os dous personaxes, teremos que remontarnos tempo atrás, ata chegar a un dos episodios máis famosos da antigüidade, a guerra de Troia. Aí comeza a fraguarse a historia dos dous irmáns.

Trasladémonos a Troia no momento en que, tras varios anos de asedio, é tomada por fin polos aqueos grazas á célebre estrataxema urdida por Ulises. Os gregos, finxindo que regresan á súa patria, abandonaron na praia un gran cabalo de madeira repleto de guerreiros. Os troianos, enganados, introducíno dentro das súas murallas, e celebran a vitoria. Os homes escondidos no cabalo de madeira descenden del, abren as portas de Troia aos seus compañeiros e, aproveitando o desconcerto existente, prenden lume á cidade.

Nese instante, un troiano que desempeñara un importante papel na guerra vese obrigado a abandonar Troia, que desaparece pasto das lapas. Trátase de Eneas, o fillo da deusa Venus e do mortal Anquises, que, co seu ancián pai nos ombreiros, o seu fillo Ascanio collido de man, e uns cantos homes diríxese cara a unhas naves que os levarán a afastadas e descoñecidas terras nas que fundará unha nova Troia.

Tras un longo periplo chega ás costas itálicas, en concreto, ao Lacio, e alí é recibido polo rei Latino, a quen un oráculo vaticinara que a súa filla Lavinia casaría cun estranxeiro. Polo tanto, cando chega Eneas, Latino, acatando aquel vaticinio, entrégalle por esposa a Lavinia, que tamén era pretendida por Turno, rei do veciño pobo dos rútuos. Os duros enfrontamentos entre Eneas e Turno resólvense coa vitoria do primeiro, que, finalmente, casa con Lavinia.

Despois da desaparición de Eneas, o seu fillo Ascanio continuou a guerra cos rútuos, e, tras vencelos, fundou Alba Longa. Diversos reis sucedéronse no trono da cidade. O último de eles, Procas, deixou á súa morte dous fillos: Numitor, que debía herdar o trono por ser o maior, e Amulio. Este último arrebatoulle o trono ao primeiro, e, para evitar que os posibles descendentes daquel se vingasen por tal comportamento, obrigou a Rhea Silvia, filla de Numitor, a facerse **vestal***. Deste modo, non podería casar nin ter descendencia.

Non obstante, Marte, o deus da guerra, namorouse da rapaza e uniuse a ela. Desa unión naceron uns xemelgos, Rómulo e Remo. Rhea Silvia foi condenada a morte por violar o voto de castidade ao que estaban obrigadas as vestais. Por outra banda, os dous nenos foron introducidos nunha cesta e deixados no río Tíber para que se afogasen. Non obstante, a enchente do río levou mansamente a cesta xunto ao Palatino. Alí unha loba que se achegou alertada polo choro dos pequenos, aleitounos ata que foron recollidos polo pastor dos rabaños do rei Amulio. Este home, chamado Faústulo, criounos, e, cando se fixeron maiores, reveloulles a súa identidade.

Emprazamento da Roma antiga



Ao decatarse do acontecido, ambos os dous irmáns mataron a Amulio, e entregaron o trono ao seu lexítimo dono, o seu avó Numitor. Máis tarde, Rómulo e Remo decidiron fundar unha nova cidade, a futura Roma, preto do lugar no que foran atopados pola loba.

Para decidir o lugar exacto da súa localización, seguiron os consellos do seu avó Numitor, e aceptaron levatala alí onde os presaxios fosen favorables. Rómulo situouse no Palatino, e Remo, no Aventino. O primeiro divisou doce voitres, mentres que Remo só viu seis.

Este augurio designou ao que debía realizar aquela empresa. Deste modo, segundo o rito etrusco, Rómulo trazou co arado un suco que delimitaba a futura cidade, e consagrou os límites fixados.

Remo, desgustado por non ser el o elixido, burlouse duns límites que se franqueaban moi doadamente, e, dun salto, entrou no recinto recén consagrado polo seu irmán. Rómulo, furioso, matouno, e reinou só en Roma.

A partir dese momento, ano 753 a.C., comeza a historia de Roma. A cidade, convertida nunha monarquía, gobernada por sete reis que foron sucedéndose no trono ata o ano 509 a.C., primeiro consolidouse, e, máis tarde, estendeu o seu dominio por toda a península itálica, e, posteriormente, por case todo o mundo coñecido.

1.2. A Monarquía

Tras coñecer as orixes míticas de Roma, internarémonos na historia da cidade, e explicaremos os feitos máis destacados dos douscentos corenta e catro anos que separan o momento da súa fundación, ano 753 a.C., e o final do período monárquico, 509 a.C. Hai que advertir que os sete reis que ocuparon o trono durante este tempo aparecen rodeados dun halo mítico e lendario. Aínda así, reflectiremos o máis destacado dos seus reinados.

RÓMULO

Tras matar ao seu irmán Remo, Rómulo erixiuse no primeiro rei de Roma. Unha das medidas que adoptou durante o seu reinado estivo encamiñada a aumentar o número de habitantes da cidade. Para iso habilitou no Capitolio un lugar no que puidesen refuxiarse cantas persoas estivesen á marxe da lei. Con isto a poboación romana aumentou, pero seguiu sen solucionar un problema que podía ameazar a súa continuidade futura, o da falta de mulleres.

Para resolvelo definitivamente, Rómulo decidiu raptar as mulleres dos seus veciños. Organizou uns xogos aos que invitou ás cidades próximas a Roma. Durante a súa celebración, os romanos levaron as mulleres que estaban presentes, nun episodio coñecido como *o rapto das sabinas*.

Todos os pobos afectados por este incidente uníronse en torno ao rei sabino, e formaron un exército para atacar os romanos. Só as súplicas das propias mulleres, convertidas xa en esposas dos raptos, puxo fin ao enfrontamento, que rematou cunha alianza entre ambos os dous pobos. Deste modo, entre os primeiros romanos houbo albanos e sabinos. Máis tarde, tamén etruscos.

Entre estes primeiros poboadores de Roma, Rómulo elixiu a cen para que formasen parte do **Senado***.

Estes homes recibiron o nome de **patres***, os seus descendentes, o de patricios. Entre as súas funcións atopábase a de nomear ao novo monarca xa que a monarquía romana, a diferenza das actuais, non tiña carácter hereditario.

A morte de Rómulo está envolvida ao igual que a súa vida na lenda. Para uns subiu ao ceo convertido nunha divindade. Para outros simplemente desapareceu, con toda probabilidade, asasinado polos membros do Senado, a institución que el mesmo creara noutro tempo. Sexa como fose, á súa morte, o Senado nomeou un novo monarca.



A península itálica durante a Monarquía

NUMA POMPILIO

O sabino Numa Pompilio foi elixido polo Senado para suceder a Rómulo. A elección baseouse no sentido da xustiza mostrado por Numa, e na súa gran relixiosidade. Quizais por estas calidades conta a tradición que, inspirado pola ninfa Exeria, creou a relixión romana, e organizou todo o referente ao culto e ás institucións sagradas.

No seu tempo creáronse os colexios sacerdotais das vestais, dos **augures***, etcétera. Instituíronse as funcións dos distintos sacerdotes e establecéronse as normas para o culto. Baixo o seu reinado construíuse un templo en honra de Xano. Este deus, representado con dúas caras, salvou aos romanos de caer en poder dos sabinos durante a



guerra sostida por ambos os dous pobos. Para que sempre puidese axudar a Roma, decidiuse que as portas do templo permanecesen abertas en tempos de guerra e pechadas cando houbese paz.

Tras a morte de Numa, o Senado elixiu ao seu sucesor.

TULO HOSTILIO

Desde o comezo do seu mandato, este rei, de orixe romana, manifestou un carácter guerreiro moi distinto do talante tranquilo e pacífico do seu predecesor. Destruíu Alba Longa, a cidade que fundara tempo atrás o fillo de Eneas. Posteriormente, fixo o mesmo con dúas cidades etruscas: Veies e Fidenas. Tras a destrución de Alba Longa, os seus patricios foron admitidos no Senado romano. Un raio causou a morte de Tulo Hostilio. Unha vez máis o Senado nomeou ao novo monarca.

ANCO MARCIO

O novo rei, de orixe sabina, era neto de Numa Pompilio, do que herdara unha profunda relixiosidade. O seu reinado estivo marcado polas loitas cos pobos latinos que se aliaron para enfrontarse a Roma. Estes enfrontamentos obrigárono a buscar as defensas necesarias e apropiadas para a cidade. Entre elas atópase a fortificación do Capitolio, un intento de protexer a Roma da ameaza etrusca. Con todo, o seu reinado non se limitou a tarefas meramente defensivas, pois, coa fundación do porto de Ostia, ampliou os límites da cidade até chegar ao mar. Igualmente construíu a ponte Sublicio que tivo unha grande importancia no desenvolvemento da cidade, ao permitir o establecemento de relacións comerciais coas rexións da Toscana e de Campania.

Coa morte de Anco Marcio remata un período no que romanos e sabinos se alternan no poder. A partir deste momento, e até o final da monarquía, sucederanse no trono reis etruscos. O primeiro deles, Tarquinio Prisco.

TARQUINIO PRISCO

Segundo expuxemos anteriormente, con el accede por primeira vez ao poder un etrusco, xa que este monarca, máis coñecido polo nome de Tarquinio o Antigo, pertenceu a unha nobre familia daquel pobo.

Amante da arte, quixo trasladar a Roma o gusto que existía en Etruria polas obras colosais. Quizais por iso, levantou o Circo Máximo, e embarcouse nun ambicioso proxecto que contemplaba a construción dun sistema de canalizacións, destinado a desecar as zonas pantanosas da cidade. O mellor expoñente desta custosísima obra é a Cloaca Máxima.

Ademais Tarquinio o Antigo elevou o número de senadores establecido polo primeiro rei, Rómulo. Deste modo, o Senado pasou a estar constituído por douscentos senadores en vez dos cen orixinarios.

A pesar das súas achegas, a tradición considérao un tirano, que escravizou ao pobo para poder acometer as obras de grande envergadura que proxectara.

Un fillo do rei anterior, de Anco Marcio, puxo fin á vida de Tarquinio. Algúns historiadores quixeron ver neste suceso a loita da nobreza contra os estranxeiros, neste caso, contra os etruscos.

SERVIO TULIO

Á morte de Tarquinio o Antigo, alcanzou o trono Servio Tulio. A orixe deste personaxe resulta bastante escura. Para uns é fillo dunha escrava, de aí o seu nome de Servio, e para outros, dunha muller nobre dunha cidade latina. Nin sequera hai acordo sobre se é ou non etrusco.

Algúns datos si parecen confirmados: criouse no pazo de Tarquinio o Antigo, casou cunha filla deste, e chegou ao trono grazas a un estrataxema da súa sogra, que ocultou ao pobo a morte do seu esposo, dicindo que este só sufría unha ferida, e que mentres se curaba, ocuparía o trono o seu xenro Servio Tulio.

Aínda que Servio Tulio reinou grazas ao engano citado anteriormente, xa no poder sóubose converter no máis importante dos sete reis que se sucederon neste período, e conseguiu gañar as simpatías do pobo, do favor da cal gozou sempre.

Ante o crecemento experimentado por Roma, ampliou os límites da cidade que quedaron protexidos por unha muralla que leva o seu nome. Tamén acometeu importantes reformas: a división administrativa de Roma en catro sectores, e, sobre todo, a elaboración dun **censo*** que agrupaba aos cidadáns segundo as súas riquezas, e non en virtude do seu nacemento.

Esta novidade tivo repercusións importantes nos asuntos públicos. En épocas anteriores as decisións políticas incumbían só aos nobres, a partir deste momento, tamén aos romanos que, grazas ao seu traballo, lograran unha fortuna. Precisamente esta reforma, de carácter claramente democrático, enfadou á nobreza, que matou a Servio Tulio. No asasinato participou o seu xenro Lucio, que se fixo co poder baixo o nome de Tarquinio II, aínda que foi máis coñecido como Tarquinio o Soberbio.

TARQUINIO O SOBERBIO

Este monarca de orixe etrusca, que, ao parecer, era neto de Tarquinio o Antigo, e que estaba casado cunha filla de Servio Tulio, constitúe a antítese do seu predecesor. O alcume co que se lle coñece, dá-nos unha idea do que foi o seu reinado. Gobernou á marxe do Senado e das leis. O seu comportamento despótico provocou o receo dos seus súbditos, que viviron unha época de terror.

A diferenza do seu sogro, Tarquinio o Soberbio gañou a inimizade do pobo romano que, farto do rei, buscou o momento idóneo para botalo. Este chegou cun suceso no que se viu implicado o seu fillo Sexto Tarquinio. O mozo, aproveitando a ausencia de Colatino, un parente lonxano, pretendeu a súa esposa Lucrecia, e ultraxouna. A muller, tras informar do acontecido ao seu esposo e ao seu pai, deuse morte cravándose un puñal. Os familiares e amigos, con Xuño Bruto, primo de Colatino, á cabeza, instaron ao pobo a que se sublevase contra o monarca. A reacción non se fixo esperar. Tarquinio o Soberbio, incapaz de sufocar a revolta, fuxiu de Roma.

Tras a expulsión do rei, a monarquía chegou a súa fin. A partir deste momento, ano 509 a.C., instáurase en Roma outra forma de goberno, a **República***.

Realiza o apartado 1 das Actividades de repaso

2. A flexión nominal: primeira declinación

Se recordamos o aprendido anteriormente, as seis formas, **casos***, que adopta unha palabra para expresar as distintas funcións sintácticas, dan lugar á declinación. En latín hai cinco declinacións. Estas constitúen a flexión nominal, o estudo da cal iniciamos na presente unidade coa primeira declinación.

Nela atopamos substantivos e adxectivos que se recoñecen sobre todo polo seu xenitivo do singular en **-ae**. Centrarémonos nos substantivos.

Todos eles presentan un tema en **-a**. Por este motivo fálase de primeira declinación ou de declinación dos temas en **-a**. Recorda que se denomina **tema*** á **raíz***, núcleo semántico da palabra, seguida da **vogal temática***.

Salvo algúns substantivos que só teñen plural, os demais enúncianse co nominativo singular, que remata en **-a**, e co xenitivo do mesmo número, que remata en **-ae**: **insŭla, insŭlae**.

Na primeira declinación non hai substantivos de xénero neutro. A maioría son femininos, **regīna, regīnae** (f.), aínda que non faltan excepcións masculinas:

- Nomes de oficio como **nauta** (m.) *mariñeiro*, **poeta** (m.) *poeta*.
- Nomes propios: **Catilīna** (m.) *Catilina*, **Ana** (m.) *Guadiana*.
- Nomes rematados en **-cola** e en **-gena**: **agricola** (m.) *agricultor*, **indigena** (m.) *indíxena*.

Declinaremos un substantivo para que sirva de modelo desta primeira declinación. Nel, posto que a vogal do tema amalgamouse coas desinencias impedindo a súa separación, separáronse as terminacións no sentido literal desa palabra.

rosa, rosae (f.) *rosa*

CASO	SINGULAR	PLURAL
Nominativo	ros-a	ros-ae
Vocativo	ros-a	ros-ae
Acusativo	ros-am	ros-as
Xenitivo	ros-ae	ros-ārum
Dativo	ros-ae	ros-is
Ablativo	ros-a	ros-is

Pódese apreciar que hai terminacións que se repiten en diferentes casos:

- **-a**, no nominativo, vocativo e ablativo do singular;
- **-ae**, no xenitivo e dativo do singular, e no nominativo e vocativo do plural.
- **-is**, no dativo e ablativo do plural.

Isto quere dicir que se nunha oración aparece a palabra **regīna**, por rematar en **-a**, pode ser nominativo, vocativo e ablativo do singular. O contexto axudaranos a establecer de qué caso se trata, e, en consecuencia, qué función sintáctica desempeña.

Realiza as actividades do PENSVM 1

3. A flexión verbal

3.1. Características xerais

Tal como dixemos na unidade anterior, o verbo pertence ás palabras variables. Polo tanto, vai ser afectado por unha serie de accidentes gramaticais que, deixando a un lado as formas non persoais ou nominais, coinciden maioritariamente cos do galego e do castelán: NÚMERO, PERSOA, VOZ, MODO E TEMPO.

Todas as formas que pertencen a un verbo constitúen a flexión verbal ou conjugación. En latín, segundo explicamos, os verbos regulares agrúpanse en catro conjugacións que se distinguen polo **enunciado*** verbal. Este consta xeralmente de cinco formas:

- Primeira persoa do singular do presente de indicativo activo.
- Segunda persoa do singular do presente de indicativo activo.
- Infinitivo de presente activo.
- Primeira persoa do singular do pretérito perfecto activo.
- Supino.

Pois ben, cada conjugación organízase en tres sistemas:

- SISTEMA DE PRESENTE. Inclúe fundamentalmente:
 - ♦ presente de indicativo, de subxuntivo e de imperativo.
 - ♦ pretérito imperfecto de indicativo e de subxuntivo.
 - ♦ futuro imperfecto de indicativo e de imperativo.
- SISTEMA DE PERFECTO. Comprende principalmente:
 - ♦ pretérito perfecto de indicativo e de subxuntivo.
 - ♦ pretérito pluscuamperfecto de indicativo e de subxuntivo.
 - ♦ futuro perfecto de indicativo.
- SISTEMA DE SUPINO. Engloba algunhas formas non persoais ou nominais.

3.2 Elementos dunha forma verbal

Calquera forma verbal responde á estrutura xeral das palabras latinas. Polo tanto, en cada unha delas poden distinguirse:

- **TEMA***. Elemento específico de cada sistema.
- **SUFIXO MODAL-TEMPORAL***. Indicador do modo e do tempo.
- **A DESINENCIA PERSOAL***. Sufixo que expresa a persoa, número e voz.

Ás veces, aparecen tamén vogais de unión: o **e**, o **i** e o **u**.

A continuación, deterémonos en cada un dos elementos que mencionamos:

Tema

Defínese como o elemento específico e, polo tanto, diferenciador dos sistemas. Constitúe a parte común a todas as formas que se inclúen en cada un deles. Así pois, resulta doado deducir que en latín hai tres temas distintos: o de presente, o de perfecto e o de supino, todos eles obtéñense do enunciado do verbo:

- TEMA DE PRESENTE.
- Nos verbos da primeira conxugación, dedúcese quitando a terminación **-re** á terceira forma do enunciado, o infinitivo de presente activo. De **amā-re**, **amā-**.
- Nas demais conxugacións, suprimindo o **-o** da primeira forma do enunciado, a primeira persoa do singular do presente de indicativo activo. De **habe-o**, **habe-**; de **dic-o**, **dic-**; de **tribu-o**, **tribu-**; de **audi-o**, **audī-**; de **capi-o**, **capi-**.

O dito anteriormente, permítenos concluír que:

- Na primeira, o tema de presente remata en **-a**.
- Na segunda, en **-e**.
- Na terceira, en **consoante** ou en **-u**.
- Na cuarta en **-ī** ou en **-ī**.
- TEMA DE PERFECTO.
- En calquera verbo, mesmo irregular, obtense separando o **-i** da cuarta forma do enunciado, a primeira persoa do singular do pretérito perfecto de indicativo activo. De **amāv-i**, **amāv-**; de **habu-i**, **habu-**; de **dix-i**, **dix-**; de **tribu-i**, **tribu-**; de **audīv-i**, **audiv-**; de **cep-i**, **cep-**; de **potu-i**, **potu-**.
- TEMA DE SUPINO.
- Dedúcese quitando a terminación **-um** á última forma do enunciado, o supino. De **amāt-um**, **amāt-**; de **habīt-um**, **habīt-**; de **dict-um**, **dict-**; de **tribūt-um**, **tribūt-**; de **audīt-um**, **audīt-**; de **capt-um**, **capt-**; de **it-um**, **it-**.

Realiza as actividades do PENSVM 2

Sufixo modal-temporal

O seu propio nome informa da súa función. Estes sufixos indican á vez o tempo e o modo. Ao estudar os distintos sistemas e, en consecuencia, os diferentes tempos que os conforman, enumeraremos os sufixos empregados pola lingua latina para expresar ambos os dous accidentes gramaticais.

Desinencia persoal

Marca a persoa que realiza a acción verbal. Segundo dixemos ao falar das categorías gramaticais, hai tres persoas en singular e tres persoas en plural.

Só algúns tempos presentan desinencias específicas:

- O presente e o futuro en modo imperativo dentro do sistema de presente.
- O pretérito perfecto de indicativo no sistema de perfecto.

Isto quere dicir que nos restantes tempos, as desinencias, que, xeralmente, indican á vez persoa, número e voz, son as mesmas. En principio, enumeraremos as da voz activa:

DESINENCIAS XERAIS DA VOZ ACTIVA		
PERSOA	SINGULAR	PLURAL
Primeira	-o/-m	-mus
Segunda	-s	-tis
Terceira	-t	-nt

No cadro anterior apréciase que a primeira persoa do singular presenta unha desinencia persoal dobre: **-o/-m**. Así pois, haberá que establecer en qué tempos aparece cada unha.

DESINENCIA DE 1ª PERSOA	TEMPO	MODO
-m	Pretérito imperfecto	Indicativo
	Futuro imperfecto de 3ª e 4ª	Indicativo
	Pretérito pluscuamperfecto	Indicativo
	Presente	Subxuntivo
	Pretérito imperfecto	Subxuntivo
	Pretérito perfecto	Subxuntivo
	Pretérito pluscuamperfecto	Subxuntivo
-o	Presente	Indicativo
	Futuro imperfecto de 1ª e 2ª	Indicativo
	Futuro perfecto	Indicativo

Unha vez que sabemos de qué elementos consta unha forma verbal, conxugaremos os tempos do sistema de presente.

3.3. O sistema de presente dos verbos regulares en modo indicativo. Voz activa

Recorda que neste sistema están comprendidos os seguintes tempos do modo indicativo: presente, pretérito imperfecto e futuro imperfecto.

Cada unha das súas formas verbais constará de: tema, sufixo modal-temporal, desinencias, e, nalgúns casos vogais de unión.

- **Tema de presente**

É o elemento específico e diferenciador do sistema de presente e, en consecuencia, a parte común a todos os tempos que o compoñen. Tal como explicamos, obtense do enunciado verbal tendo en conta o seguinte:

- Se o verbo pertence á primeira, debe quitar a terminación **-re** á terceira forma do enunciado, o infinitivo de presente activo. De **amā-re**, **amā-**.
- Se se inclúe en calquera outra conjugación, suprímese o **-o** da primeira forma do enunciado, a primeira persoa do singular do presente de indicativo activo. De **habe-o**, **habē-**; de **dic-o**, **dic-**; de **tribu-o**, **tribu-**; de **audi-o**, **audī-**; de **capi-o**, **capi-**.

- **Sufixos modais-temporais**

No sistema que nos ocupa, e en modo indicativo, o latín engade ao tema de presente os seguintes sufixos:

SUFIXOS MODAIS-TEMPORAIS DO SISTEMA DE PRESENTE		
MODO	TEMPO	SUFIXO
INDICATIVO	Presente	-----
	Pretérito imperfecto	-ba-
	Futuro imperfecto	-b- na 1ª e 2ª conjugación
		-a- na 1ª de singular / -e- nas demais na 3ª e na 4ª conjugación

- **Desinencias persoais**

Ao tema de presente e ao sufixo modal-temporal súmanselle as seguintes desinencias persoais da voz activa:

DESINENCIAS XERAIS DA VOZ ACTIVA		
PERSOA	SINGULAR	PLURAL
Primeira	-o/-m	-mus
Segunda	-s	-tis
Terceira	-t	-nt

Segundo a repartición das desinencias da primeira persoa do singular, **-o** e **-m**, no presente empregaremos **-o**; no pretérito imperfecto, **-m**, e no futuro imperfecto unha ou outra segundo a conxugación. Así na primeira e na segunda, utilizaremos a desinencia **-o**. Non obstante, na terceira e na cuarta, **-m**.

Xa podemos conxugar os distintos tempos do sistema de presente en modo indicativo da voz activa. Ao facelo, comprobaremos se aparecen neles vogais de unión e se se producen cambios fonéticos.

PRESENTE DE INDICATIVO EN VOZ ACTIVA

Fórmase co tema de presente e as desinencias persoais, xa que carece de sufixo modal-temporal:

1ª: Tema en -ā <i>Ama,...</i>	2ª: Tema en -ē <i>Aviso,...</i>	3ª: Tema en cons., -u <i>Leo,...</i>	4ª: Tema en -ī <i>Oio,...</i>	4ª: Tema en -ī <i>Collo,...</i>
ama-o > amo	mone-o	leg-o	audi-o	capi-o
ama-s	mone-s	leg-i-s	audi-s	capi-s
ama-t	mone-t	leg-i-t	audi-t	capi-t
amā-mus	monē-mus	leg-ī-mus	audī-mus	capi-mus
amā-tis	monē-tis	leg-ī-tis	audī-tis	capi-tis
ama-nt	mone-nt	leg-u-nt	audi-u-nt	capi-u-nt

Convén resaltar que na primeira persoa do singular dos verbos da primeira conxugación, o **-a-** do tema, seguida da desinencia **-o**, desaparece: **ama-o > amo**.

Na terceira conxugación, entre o tema e as desinencias consonánticas aparece unha vogal de unión, o **-ī-**, e, na terceira do plural, o **-u-**. Aínda que en principio a devandita vogal pretendía evitar o contacto entre as dúas consoantes, a do tema e a da desinencia persoal, aparece tamén cando o primeiro remata en **-u-**: **leg-i-s**, **leg-i-t**,... **leg-u-nt**; **tribu-i-s**, **tribu-i-t**,... **tribu-u-nt**.

Na terceira persoa do plural dos verbos da cuarta, tanto nos de tema en **-ī-** como en **-ī-**, aparece a vogal de unión **-u-** entre o tema e a desinencia. Esta vogal non é necesaria dende un punto de vista fonético. Trátase dun fenómeno analóxico coas demais persoas que, polo menos en aparencia, son iguais na terceira e na cuarta: **audi-u-nt**; **capi-u-nt**.

PRETÉRITO IMPERFECTO DE INDICATIVO EN VOZ ACTIVA

Fórmase co tema de presente, o sufixo **-ba-** e as desinencias persoais:

1ª: Tema en -ā <i>Amaba,...</i>	2ª: Tema en -ē <i>Avisaba,...</i>	3ª: Tema en cons., -u <i>Lía,...</i>	4ª: Tema en -ī <i>Oía,...</i>	4ª: Tema en -ī <i>Collía,...</i>
amā-ba-m amā-ba-s amā-ba-t ama-bā-mus ama-bā-tis amā-ba-nt	monē-ba-m monē-ba-s monē-ba-t mone-bā-mus mone-bā-tis monē-ba-nt	leg-ē-ba-m leg-ē-ba-s leg-ē-ba-t leg-ē-bā-mus leg-ē-bā-tis leg-ē-ba-nt	audi-ē-ba-m audi-ē-ba-s audi-ē-ba-t audi-ē-bā-mus audi-ē-bā-tis audi-ē-ba-nt	capi-ē-ba-m capi-ē-ba-s capi-ē-ba-t capi-ē-bā-mus capi-ē-bā-tis capi-ē-ba-nt

Nos verbos da terceira e da cuarta, entre o tema de presente e o sufixo modal-temporal **-ba-** aparece a vogal de unión **-e-**. A devandita vogal, como acontecía no presente de indicativo, resulta necesaria na terceira, xa que nela a maioría dos verbos teñen un tema de presente rematado en consoante. Non obstante, é meramente analóxica nos verbos da cuarta.

FUTURO IMPERFECTO DE INDICATIVO EN VOZ ACTIVA

Fórmase co tema de presente, o sufixo modal-temporal que difire segundo a conjugación da que se trate, e as desinencias persoais:

1ª: Tema en -ā <i>Amarei,...</i>	2ª: Tema en -ē <i>Avisarei,...</i>	3ª: Tema en cons., -u <i>Lerei,...</i>	4ª: Tema en -ī <i>Oirei,...</i>	4ª: Tema en -ī <i>Collerei,...</i>
amā-b-o amā-b-i-s amā-b-i-t ama-b-ī-mus ama-b-ī-tis amā-b-u-nt	monē-b-o monē-b-i-s monē-b-i-t mone-b-ī-mus mone-b-ī-tis monē-b-u-nt	leg-a-m leg-e-s leg-e-t leg-ē-mus leg-ē-tis leg-e-nt	audi-a-m audi-e-s audi-e-t audi-ē-mus audi-ē-tis audi-e-nt	capi-a-m capi-e-s capi-e-t capi-ē-mus capi-ētis capi-e-nt

Nos verbos da primeira e a segunda conjugación utilízase o sufixo **-b-** e, entre este e as desinencias consonánticas, aparece unha vogal de unión, o **-i-**, e, na terceira do plural, o **-u-**.

Nos verbos das conjugacións terceira e cuarta, o sufixo empregado é **-a-** para a primeira persoa do singular, e **-e-** para as demais. Non fan falta vogais de unión nin se producen cambios fonéticos.

Realiza as actividades do PENSVM 3

4. As oracións simples

A oración é a palabra ou conxunto de palabras coa que expresamos unha mensaxe con sentido completo. Nunha oración adoita haber dous elementos fundamentais: o suxeito e o predicado. Cando hai un único predicado dise que a oración é simple. Se hai dous ou máis, fálase de oración composta.

Á súa vez, segundo a natureza do verbo, as primeiras clasifícanse en: transitivas, intransitivas, copulativas, pasivas. Nesta unidade estudaremos só as oracións simples e, en concreto, os dous primeiros tipos mencionados.

4.1. As oracións transitivas

Son aquelas que conteñen un verbo transitivo, é dicir, dun verbo que, para ter sentido completo, precisa un complemento directo.

En latín, ao ser unha lingua flexiva, o complemento exprésase, como xa se dixo, en caso acusativo.

Hai que advertir que ese acusativo NUNCA pode ir rexido por unha preposición. Isto supón unha diferenza co castelán, que para esta función sintáctica pode utilizar, se se trata dunha persoa, a preposición **a**.

Ademais da función sintáctica de complemento directo, específica deste tipo de oracións, pode haber outras. As fundamentais son: suxeito, complemento indirecto e complemento circunstancial. A primeira delas exprésase en latín en caso nominativo, a segunda, en dativo, e a terceira, en ablativo ou en acusativo rexidos ou non de preposición.

Convén recordar que as palabras que desempeñan estas funcións sintácticas poden ir á súa vez determinadas por:

- Un adxectivo.
- Outro substantivo que realiza a función de complemento determinativo ou do nome e que se expresa en latín en caso xenitivo.

Analicemos unha oración transitiva en galego:

As mozas cortaban rosas para os mariñeiros con coidado

S V CD CI CC

Se se quere expresar a mesma mensaxe en latín, necesítase saber qué palabras latinas significan: *mozas*, *cortar*, *rosas*, *mariñeiros* e *coidado*:

puella, puellae (f.): *moza*

seco, secas, secāre, secui, sectum 1ª tr.: *cortar*

rosa, rosae (f.): *rosa*

nauta, nautae (m.): *mariñeiro*

cura, curae (f.): *coidado*

Unha vez que se ten o vocabulario, hai que ir aplicando o que se aprendeu ata o momento. En primeiro lugar, debe prescindirse dos artigos que en latín non existen. Hai que recordar cómo expresa a lingua latina as distintas funcións sintácticas, qué casos expresan as funcións que aparecen na frase, e qué terminacións teñen eses casos.

Ao tratarse dunha lingua flexiva, as funcións sintácticas exprésanse mediante cambios na parte final da palabra, **casos***. A función sintáctica de suxeito está desempeñada polo caso nominativo. A de complemento directo, polo acusativo que non pode levar ningunha preposición. A de complemento indirecto, polo dativo, e a de complemento circunstancial, polo ablativo principalmente.

Os casos citados, considerando o número no que van en galego, rematan respectivamente en: **-ae, -as, -is, -a**.

GALEGO	FUNCIÓN SINTÁCTICA	EXPRESIÓN EN LATÍN
<i>as mozas</i>	Suxeito	Nominativo plural: puellae
<i>rosas</i>	Complemento directo	Acusativo plural: rosas
<i>para os mariñeiros</i>	Complemento indirecto	Dativo plural: nautis
<i>con coidado</i>	C. circunstancial	Ablativo singular: cura

En canto ao verbo, trátase dun pretérito imperfecto de indicativo activo en terceira persoa do plural.

Posto que o seu enunciado nos indica que pertence á primeira conxugación, obtemos o tema de presente, de **secā-re, secā-**. A continuación engadímoslle o sufixo modal-temporal correspondente **-ba-**, e, por último, a desinencia persoal de terceira persoa do plural, **-nt**.

Polo que respecta á orde, aínda que non existen leis en latín, seguimos a tendencia máis xeneralizada. Por iso, puxemos primeiro o suxeito, a continuación, os complementos na orde máis frecuente, e, ao final, o verbo.

Así pois, en latín este sería o resultado: **Puellae cura nautis rosas secabant**.

4.2. As oracións intransitivas

Considéranse intransitivas as que teñen un verbo intransitivo, é dicir, un verbo que ten sentido por si, sen necesitar de ningún complemento.

As funcións sintácticas que poden aparecer neste tipo de oracións son as mesmas que acabamos de enumerar para as transitivas, se exceptuamos a función específica destas últimas, o complemento directo.

Ao igual que acontecía naquelas oracións, nestas as distintas palabras poden ir determinadas por:

- Un adxectivo.
- Outro substantivo que realiza a función de complemento determinativo ou do nome e que se expresa en latín en caso xenitivo.

Analicemos unha oración intransitiva en galego:

Os habitantes da illa navegan cara a Italia

S C.Det. V CC

Se queremos dicir isto en latín, precisamos saber como se di nesa lingua: habitantes, *illa*, navegan, *Italia*:

incōla, incōlae (m.): *habitante*

insŭla, insŭlae (f.): *illa*

navīgo, navīgas, navigāre, navigāvi, navigātum 1ª intr.: *navegar*

ad (preposición de acusativo): *cara a*

Italia, Italiae (f.): *Italia*

A continuación, aplicarase o aprendido até este momento. Debe prescindirse dos artigos, que en latín non existen. Hai que recordar como expresa a lingua latina as distintas funcións sintácticas, qué casos expresan as funcións que aparecen na frase, e qué terminacións teñen eses casos.

En latín a función sintáctica de complemento determinativo está desempeñada polo caso xenitivo. A de suxeito, polo nominativo. A de complemento circunstancial, polo ablativo principalmente, ou polo acusativo con ou sen preposición. Nesta oración empregaremos o acusativo coa preposición **ad**.

Os casos citados, considerando o número no que van en galego, rematan respectivamente en: **-ae, -ae, -am**.

GALEGO	FUNCIÓN SINTÁCTICA	EXPRESIÓN EN LATÍN
<i>os habitantes</i>	Suxeito	Nominativo plural: incōlae
<i>da illa</i>	C. determinativo	Xenitivo singular: insŭlae
<i>cara a Italia</i>	C. circunstancial	Acusativo con ad : ad Italiam

En canto ao verbo, trátase dun presente de indicativo activo en terceira persoa do plural. Posto que o seu enunciado nos indica que pertence á primeira conxugación, obtemos o tema de presente, de **navigā-re, navigā-**. Por carecer de sufixo modal-temporal, a continuación, engadimos a desinencia persoal de terceira persoa do plural, **-nt**.

En canto á orde de palabras na frase, aínda que non existen leis en latín, seguimos a tendencia máis xeneralizada. Por iso, aparece o determinante, complemento determinativo ou do nome, antes que o determinado. Despois o complemento circunstancial, e, por último, o verbo.

Precisamente esa colocación, unida ao significado, axúdanos a dilucidar qué funcións desempeñan os substantivos **insŭlae** e **incōlae**. Se consideramos **insŭlae** como suxeito, o sentido indícanos que a análise está mal xa que as illas non navegan. Por se iso fose pouco, a orde máis frecuente en latín, determinante antes que determinado, axúdanos a atribuír a función de suxeito ao substantivo **incōlae**. En definitiva, a frase quedaría así: **Insŭlae incōlae in Italiam navigant**.

4.3.Indicacións para traducir as oracións simples

Para que a análise sintáctica e a tradución das oracións resulten máis doados, expoñeremos unha serie de indicacións xerais que pretenden sistematizar esta tarefa. Sobre todo ao principio, deben terse en conta:

- LER a oración detidamente.
- ANALIZALA morfolóxica e sintacticamente. Para iso deben darse os seguintes pasos:
 - 1) Buscar o verbo, que adoita aparecer ao final da frase. Unha vez localizado, analízalo, xa que constitúe a clave da oración. Del dedúcese:
 - O número e a persoa do suxeito, que, ao igual que en **castelán**, pode estar omitido.
 - O tipo de oración: transitiva, intransitiva, copulativa, pasiva.
 - 2) Recordar as funcións sintácticas, sobre todo as específicas, que aparecen no tipo de oración ao que nos enfrontamos.
 - 3) Saber qué casos latinos expresan as principais funcións sintácticas:

FUNCION SINTÁCTICA	CASO
Suxeito	Nominativo
Complemento directo	Acusativo sen preposición
Complemento indirecto	Dativo
Complemento circunstancial	Ablativo con ou sen preposición Acusativo con ou sen preposición
Atributo	Nominativo
Complemento determinativo	Xenitivo

- 4) Identificar as terminacións. Se algunha delas aparece en máis dunha declinación, consultar o enunciado da palabra para saber a cal pertence e, polo tanto, en qué caso está.

Se, pola contra, resulta común a varios casos dunha mesma flexión, o contexto, a orde de palabras, o sentido da frase, axudará a dilucidar cal lle corresponde nela.

- 5) Recoñecer se dúas palabras que van no mesmo caso desempeñan ou non idéntica función sintáctica.

Realizan a mesma función:

- O grupo adxectivo-substantivo.
- Dos substantivos unidos por unha conxunción, ou por unha coma en enumeracións longas.

Desempeñan funcións distintas:

- Dous substantivos que non estean unidos pola conxunción ou pola coma.

En todos estes pasos, ademais do contexto, axúdache a orde na que adoitan aparecer en latín os compoñentes dunha oración:

- O adxectivo adoita preceder ao substantivo ao que acompaña.
- O complemento determinativo ou do nome aparece xeralmente antes do substantivo ao que determina.
- As preposicións, que só rexen dous casos: acusativo e ablativo, colócanse inmediatamente diante da palabra á que rexen, salvo se a devandita palabra estea á súa vez determinada por un complemento determinativo ou do nome en caso xenitivo. Como xa dixemos na unidade precedente, o xenitivo intercálase as veces entre a preposición e a palabra rexida por ela: así **in terra**, pero **in piratarum terra** (*en terra de piratas*).

- **TRADUCIR a oración.**

Neste punto, ademais do significado das palabras, debe terse en conta o seguinte:

- 1) O verbo mantén normalmente a voz, o modo, o tempo, o número e a persoa que presenta en latín.
- 2) As distintas funcións sintácticas conservan xeralmente o número, singular ou plural, que teñen en latín.
- 3) As funcións sintácticas latinas adoitan corresponder ás galegas e ás castelás, que se expresan como figuran no seguinte cadro:

FUNCION SINTÁCTICA	EXPRESIÓN EN GALEGO/CASTELÁN
Suxeito	Sen preposición
Complemento directo	Sen preposición se é cousa Coa preposición a se é persoa
Complemento indirecto	Coas preposicións a ou para
Complemento circunstancial	Con calquera preposición
Atributo	Sen preposición
Complemento determinativo	Coa preposición de

- 4) A orde latina non ten que coincidir coa do galego ou coa do castelán. Ás veces, hai que modificala para adaptala máis á nosa lingua.

4.4. A concordancia

As relacións morfosintácticas existentes entre as palabras dunha oración reciben o nome de concordancia. Esta pode establecerse entre suxeito e verbo, substantivo e adxectivo, e substantivo e substantivo. Comezaremos a estudar a primeira delas xa que resulta quizais a máis clara:

- **Concordancia entre suxeito e verbo**

En latín, ao igual que en galego ou en castelán, suxeito e verbo concordan en número e persoa. A continuación, enumeraremos as circunstancias que poden atoparse:

- **SUXEITO É UNHA PRIMEIRA OU SEGUNDA PERSOA DO SINGULAR OU DO PLURAL**

Neste suposto, as tres linguas compórtanse igual. Por regra xeral, o suxeito non aparece expresado, pois a desinencia da forma verbal indícanos de qué persoa se trata. Así en: **amīcam vides, ves a túa amīga**, a desinencia **-s** de **vides**, estanos a indicar que o suxeito é o pronome de segunda persoa do singular, **ti**.

- **SUXEITO É UNHA TERCEIRA PERSOA DO SINGULAR OU DO PLURAL**

Se se trata dunha terceira persoa, o suxeito, que adoita aparecer expresado, estará en nominativo singular ou plural, segundo o número do verbo:

puellae in schōlam veniunt, *as nenas veñen á escola*
puella in schōlam venit, *a nena vén á escola*.

- **SUXEITO É MÚLTIPLE**

Cando os suxeitos aparecen en plural, ambas as tres linguas presentan unha forma verbal plural: **servae et puellae in schōlam veniunt**, *as escravas e as nenas veñen á escola*.

Cando os suxeitos se expresan en singular, o latín presenta unha diferenza co galego e co castelán, xa que nestas linguas o suxeito múltiple esixe que o verbo vaia en plural. Non obstante, en latín a forma verbal pode ir en plural, que é o máis frecuente, ou en singular concordando co suxeito máis próximo:

serva et puella in schōlam veniunt, *a escrava e a nena veñen á escola*.
serva et puella in schōlam venit, *a escrava e a nena veñen á escola*.

Aínda que a tradución de ambas as dúas frases coincide, a coincidencia débese á esixencia xa mencionada do galego. Non obstante, na primeira oración latina, o verbo está en plural, **veniunt**, pero na segunda, en singular, **venit**.

- **Concordancia entre substantivo e adxectivo**

Segundo comprobaremos, entre ambas as dúas clases de palabras establécese unha concordancia en xénero, número e caso, con independencia das funcións sintácticas que desempeñen na frase:

- CALQUERA FUNCIÓN - MODIFICADOR: En **parvae puellae multas rosas secābant**, *as nenas pequenas cortaban moitas rosas*, o adxectivo **parvae** concorda con **puellae** en xénero, feminino, en número, plural, e en caso, nominativo. A mesma concordancia en xénero, feminino, en número, plural, e en caso, acusativo, establécese entre **multas** e **rosas**.
- SUXEITO - PREDICATIVO: **regīna laeta veniēbat**, *a raíña viña contenta*. Nesta oración, o predicativo **laeta**, por tratarse dun adxectivo, concorda con **regīna** en xénero, feminino, en número, singular, e en caso, nominativo.
- COMPLEMENTO DIRECTO - PREDICATIVO: Na frase **regīnam laetam videbāmus**, *viamos a raíña contenta*, a concordancia entre o predicativo, **laetam**, e o complemento directo, **regīnam**, establécese en xénero, feminino, en número, singular, e en caso, acusativo.
- SUXEITO - ATRIBUTO: Como comprobaremos ao estudar as oracións copulativas, a concordancia entre o suxeito e o atributo, cando este é un adxectivo, afecta ao xénero, ao número e ao caso. Se analizamos a oración **servārum vita misēra est**, *a vida das escravas é desgraciada*, o adxectivo **misēra**, que realiza a función de atributo e, polo tanto, vai en nominativo, presenta un xénero feminino e un número singular, porque tamén **vita**, que desempeña a función de suxeito, vai en nominativo, ten xénero feminino e número singular.

- **Concordancia entre substantivo e substantivo**

A concordancia que se establece entre dous substantivos afecta unicamente ao **caso***, con independencia da función sintáctica que desempeñen na frase:

- CALQUERA FUNCIÓN - APOSICIÓN: En **puella, regīnae filia, rursus in Italiam venit**, *a nena, filla da raíña, chega de novo a Italia*, os dous substantivos relacionados entre si, **filia**, aposición a **puella**, e **puella**, suxeito de **venit**, concordan en caso, pois van en nominativo.
- SUXEITO - PREDICATIVO: **Proserpīna deae filia appāret**, *Proserpina aparece como filla dunha deusa*. Nesta oración, **Proserpīna** (suxeito) e **filia** (predicativo do suxeito) están en nominativo.
- COMPLEMENTO DIRECTO - PREDICATIVO: Na seguinte frase **Hispaniam provinciam Romānam nomīnant**, *nomean a Hispania provincia romana*, **Hispaniam** (complemento directo de **nomīnant**), e **provinciam Romānam** (predicativo de **Hispaniam**) están en caso acusativo.
- SUXEITO - ATRIBUTO: En **poetae puellis laetitiae causa sunt**, *os poetas son motivo de alegría para as mozas*, os dous substantivos relacionados **poetae** (suxeito) e **causa** (atributo) concordan en caso, pois ambos os dous van en nominativo, aínda que **poetae** é plural e maculino e **causa**, singular e feminino.

Ao longo dos distintos exemplos sobre a concordancia entre substantivo e substantivo, comprobamos que, aínda que ás veces se establezan outras coincidencias en xénero e en número, a concordancia só afecta ao caso.

Realiza as actividades do PENSVM 4

Léxico

Como estudamos na unidade anterior, a lingua latina que falaba o pobo, o latín vulgar, sufriu unha evolución maior que o escrito, por isto as desinencias dos casos foron desaparecendo, o que orixinou que as funcións sintácticas se expresasen mediante o uso de preposicións. Só quedou o caso acusativo de singular e plural. A terminación **-s** do plural foi utilizada polo galego e polo castelán para expresar este número. Este é o motivo polo que as evolucións fonéticas parten do acusativo singular, cuxo **-m** desapareceu pronto. Por exemplo: **vítam** > *vida*.

Comezaremos o estudo sistemático dos cambios fonéticos vendo os que afectaron ás vogais e aos ditongos.

EVOLUCIÓN FONÉTICA: VOGAIS E DITONGOS

• VOGAIS

As vogais longas non sufriron cambios, mantivéronse; non obstante, as breves, salvo **ă**, evolucionaron segundo fosen tónicas ou átonas e tamén de acordo coa posición que ocupan na palabra. No seguinte cadro aparecen recollidos estes cambios:

VOGAIS LATINAS BREVES	POSICIÓN	EVOLUCIÓN			EXEMPLOS		
		Latín	Galego	Castelán	Latín	Galego	Castelán
Tónicas ĕ ŏ ĭ ŭ	En calquera posición	ĕ	e	ie	mĕtum	<i>medo</i>	<i>miedo</i>
		ŏ	o	ue	portam	<i>porta</i>	<i>puerta</i>
		ĭ	e	e	lĭgnam	<i>leña</i>	<i>leña</i>
		ŭ	o	o	lŭtum	<i>lodo</i>	<i>lodo</i>
Átonas ĕ ŏ ĭ ŭ	En sílaba interior	ĭ	∅	∅	anĭmam	<i>alma</i>	<i>alma</i>
		ŭ	∅	∅	fabŭlam	<i>fala</i>	<i>habla</i>
		ĕ	∅	∅	paupĕrem	<i>pobre</i>	<i>pobre</i>
		ŏ	∅	∅	lepŏrem	<i>lebre</i>	<i>liebre</i>
	En sílaba final	ĭ	e	e	dĭxi	<i>dixe (med.)</i>	<i>dije</i>
		ŭ	o	o	sĕrvum	<i>servo</i>	<i>siervo</i>

• DITONGOS

En canto aos ditongos, a evolución é a seguinte:

EVOLUCIÓN			EXEMPLOS		
Latín	Galego	Castelán	Latín	Galego	Castelán
ae	e	e/(ie)	aeternam/caecum	<i>eterna/cego</i>	<i>eterna/ciego</i>
oe	e	e	poenam	<i>pena</i>	<i>pena</i>
au	ou	o	aurum	<i>ouro</i>	<i>oro</i>

EXPRESIÓNS LATINAS

- Axenda - Opera prima - Persoa non grata	Significa <i>o que ten que ser feito</i> . É un caderno onde se anota o que hai que facer. <i>Primeira obra</i> . Referido a músicos, escritores, etc. <i>Persoa non agradable</i> . Cualificativo que se dá ás persoas que non son aceptadas nunha comunidade.
- Alias - Mea culpa	<i>Doutro modo</i> . Sobrenome, alcume. <i>"Pola miña culpa"</i> = recoñecemento de culpa

Realiza as actividades de repaso